



**PROXECTO LECTOR DE CENTRO
CEIP CONDESA DE FENOSA
O BARCO DE VALDEORRAS
OURENSE**

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa>

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/index.html>

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

0.- INTRODUCCIÓN E FASES DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CEIP CONDESA DE FENOSA.

- 1.1- Prácticas lectoras e escritoras dos alumnos.
- 1.2.-Identificación de logros e dificultades.
- 1.3.-Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.
- 1.4.-Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

2.- OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

- 2.1.-Formación de lectores competentes.
- 2.2.-Creación e consolidación de hábitos de lectura.
- 2.3.-O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información.
- 2.4.-Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.
- 2.5.-Lectura de todo tipo de texto, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
- 2.6.-Metodoloxías máis axeitadas.
- 2.7.-Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.
- 2.8.-A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.
- 2.9.-Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros).
- 2.10.-Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.
- 2.11.-Modo de difusión e apoios necesarios.

3.- INTERVENCIÓNS QUE É NECESARIO SISTEMATIZAR.

- 3.1.-Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en tódalas áreas.
- 3.2.-Fomento de hábitos de lectura en tódalas áreas.
- 3.3.-Actividades de educación documental (educación en información.)
- 3.4.-Integración das TIC.
- 3.5.-Implicación das familias e do contorno.

4.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- 4.1.-Elaboración de instrumentos.
- 4.2.-Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.

0.- INTRODUCCIÓN E FASES DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

O Proxecto lector do centro é o documento que articula tódalas intervencións que se van levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas. O noso proxecto lector considera a lectura nun sentido amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar datos, para resolver un problema, para elaborar un traballo, e tamén a lectura pracenteira que ten como único fin o gozo do texto literario.

O noso PLC ten diversas fases de concreción, as primeiras corresponderán ao equipo da biblioteca pois pretendemos que o proxecto lector sexa entre outras cousas un plan de biblioteca mellorado, mentres que as fases últimas estarán máis presentes no desenvolvemento diario da aula.

FASES:

- 1 Fase de motivación e sensibilización**
- 2 Fase de planificación**
- 3 Fase de elaboración**
- 4 Fase de desenvolvemento**
- 5 Fase de avaliación**

1.-FASE DE MOTIVACIÓN:

1. Intercambio de experiencias
2. Coñecer outros PLC
3. Formación previa
4. Ampliar o significado do Plan de Biblioteca

Trátase sobre todo de posibilitar a participación e a implicación de todo o profesorado impulsando esta actividade a través de xornadas de sensibilización presentadas polo equipo da biblioteca.

2.-FASE DE PLANIFICACIÓN:(Cadro 1)

A comisión de coordinación do proxecto lector proxectará qué é o que queremos. Unha análise das nosas necesidades, con qué contamos e cales son as nosas posibilidades a través dos obxectivos, contidos e actividades propostas.

3.- FASE DE ELABORACIÓN:

Elaborado polo equipo coa colaboración do titor/a terá en conta os seguintes aspectos

- x O Currículo
- x Enfoques didácticos e organización escolar
- x Apoio e reforzo escolar
- x As bibliotecas de centro e aulas
- x O Contexto familiar e cultural
- x As novas tecnoloxías da información e a comunicación
- x A formación permanente do profesorado

Situacións a ter en conta no PLAN LECTOR:

- Contidos a desenvolver no tempo específico de hora de lectura.

- Tratamento da lectura na programación das distintas áreas das unidades didácticas.
- Actuacións que se desenvolven fora do centro e coas familias.
- Actuacións de colaboración e intercambio con outras institucións: Biblioteca municipal, bibliotecas virtuais.

4.-FASE DE DESENVOLVEMENTO:(Cadro 2)

Dende a aula co apoio do equipo de biblioteca, trátase de :


- Concretar actividades dirixidas a mestres, alumnos e familias.
- Elaborar materiais.
- Adaptar e buscar recursos. Selección de títulos...
- Ter en conta factores positivos e negativos que inciden no desenvolvemento do plan e facer os reaxustes necesarios.
- Aplicar solucións.

5.-FASE DE AVALIACIÓN:(Cadro 3)

Trátase de coordinar por parte da comisión responsable os seguintes aspectos:

- Recoller información do desenvolvemento do PLC durante todo o proceso e ao final da súa aplicación.
- Valorar a súa coherencia entre os procesos de ensino-aprendizaxe e os principios pedagóxicos formulados.
- Concretar puntos fortes, débiles e propostas de mellora.
- Revisar o plan de modo xeral propondo e aprobando as modificacións necesarias.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades, da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.



1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CEIP CONDESA DE FENOSA.

Para partir da nosa realidade comezamos este análise pasando un cuestionario a profesores, pais e alumnos sobre a práctica lectora no centro.(Anexo I).

A valoración que fixemos unha vez analizadas as enquisas podemos resumila nos aspectos que sinalamos a continuación:

En xeral faise lectura colectiva ou individual diariamente en todas as clases:

- Lectura nos libros de texto.
- Libros de lectura: contos, poemas.
- Enunciados de problemas.
- Esquemas e resumos.
- Actividades de expresión oral.
- Nalgunhas clases utilizan a aula de informática para reforzar a lectoescritura empregando programas Clic.

Competencia en comunicación lingüística.

- En xeral, na fala empregan a lingua castelá nembargantes na lectura a competencia é semellante nas dúas linguas.

Experiencias literarias.


- Case todas as aulas dispoñen dunha biblioteca de aula, e observamos que a maioría se inclina por ler literatura infantil e xuvenil: Bolechas, Kika... e tamén hai grande interese polos comics e tebeos.

Ambiente sociocultural.

- Na enquisa reflíctese que a meirande parte das familias compran libros e len con certa regularidade.


Gráficos das enquisas:

Questionario profesores



cada nº da gráfica refírese ao correspondente da enquisa (Anexo I)

Resumo do cuestionario dos alumnos/as



cada nº da gráfica refírese á pregunta correspondente do cuestionario (Anexo I)

1.1.-Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.

Aínda que dende o principio da escolarización en primaria as prácticas lectoras e escritoras dos alumnos sexan unha das nosas primeiras ocupacións, e á que máis tempo e esforzos adicamos; con frecuencia ao chegar ao remate da primaria os resultados non corresponden coas nosas primeiras expectativas. Ao avaliar os obxectivos propostos en relación á escritura e á lectura vimos comprobando que aínda que a súa mecánica e instrumentalización en xeral conséguese con certa fluidez, non é así no referente á comprensión, produción de textos e, en definitiva, uso funcional da

linguaxe nos diferentes soportes.

Hai que sinalar a importancia da familia neste aspecto. Nas familias onde se ve ao pai e á nai ler, onde se lles le aos nenos, onde o conto antes de durmir é unha rutina asumida por todos, as prácticas lectoras e escritoras dos alumnos son máis ricas que onde non hai estimulación familiar previa.

1.2.-Identificación de logros e dificultades.

O PLC é un proxecto de actuación global no centro, integrado no PCC que orienta o planeamento didáctico dunha educación lectora integral e que se concreta nas programacións didácticas para conseguir que o nen@ desenvolva a competencia lectora e fomentar o interés e hábito lector dos alumn@s, tendo en conta as seguintes premisas:

- A lectura é unha competencia básica na sociedade actual.
- Neste momento hai que sinalar os baixos niveis en competencia lectora e de hábitos de lectura.
- Hai unha clara conciencia social de que é necesario mellorar a competencia lectora.
- Ata o momento na escola vimos traballando o tratamento didáctico da lectura con certas limitacións.
- Trátase dun obxectivo educativo de primeiro nivel.

Tódolos nenos se achegan á lectura moi motivados e con grandes expectativas que, en certa medida, decaen ao tempo que aparecen as primeiras dificultades. O proceso lector require de **práctica e constancia** polo que os logros veranse a longo prazo. Como dato significativo podemos dicir que no curso 2006-07 fixéronse un total de 7.543 préstamos aos nenos e nenas do colexio, e ademais a biblioteca é un dos lugares máis utilizados no tempo de recreo.

Respecto ás dificultades, hai que dicir que medran a medida que avanza os cursos. A falta de comprensión lectora, de atención e de práctica fai que o proceso lingüístico non prograse axeitadamente. Asemade debemos engadir a necesidade de formación que temos os mestres en relación ás técnicas e estratexias de comprensión lectora, formación de usuarios da biblioteca e outros aspectos que intentaremos, aos poucos ir mellorando.

Na actualidade unha das maiores dificultades é a falta de espazo na biblioteca para dar cabida a todos os fondos dos que dispomos, así como para plantexar actividades para grupos numerosos, a posibilidade de marcar espazos diferenciados para usos diversos: tics, audiovisuais, recursos educativos, lectura individual...

1.3.- Análise das metodoloxías empregadas.

Como calquera centro, o CEIP Condese de Fenosa conta na práctica cun proxecto lector implícito constituído por todas as actividades que dende a biblioteca ou dende

as aulas se programan para mellorar a competencia lectora. A partir de aquí o que pretendemos é **sistematizar** todas aquelas accións que ocorren nos distintos espazos do centro e que de algún xeito contribúen a mellorar a competencia lectora dos nosos alumnos.

A formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado. Utilizaranse todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora en todas e cada unha das áreas educativas e determinarase a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e a escritura.

Para avaliar os aspectos relacionados co hábito lector teremos en conta ademais dos índices de lectura, a capacidade do alumno para avanzar na súa competencia literaria, e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así coma a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

1.4.- Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

Tanto os recursos materiais como humanos foron incrementándose de xeito significativo nos últimos anos.

Respecto aos recursos materiais e o equipamento pasouse de ter unha morea de libros hai non moitos anos, apiñados en caixas sen orde algún, a contar con cerca de 11.000 exemplares, perfectamente catalogados e a disposición de toda a comunidade educativa. Os recursos materiais proceden do presuposto escolar, incluído na PXA cun 10 % do presuposto anual, tamén chegan a través da inclusión do centro no Plan de mellora de bibliotecas escolares, premios de innovación, e aportación de entidades vinculadas ao eido educativo.

Respecto aos recursos humanos tamén pasamos de que fora unha única persoa a que organizara e xestionara todo o que dalgún xeito tiña que ver coa dinamización lectora, a formar un grupo de traballo de profesores que colaboran co encargado da biblioteca. Na actualidade o grupo de apoio á biblioteca distribue as súas funcións para facer máis operativo o traballo e axilizar as propostas plantexadas.

1.5.-Necesidade de formación do profesorado neste ámbito.

En relación á biblioteca do Centro, dende hai anos se ven traballando en aspectos de formación. Así, os profesores tentan mellorar a súa formación a través de diferentes vías: tanto en proxectos de formación en centro coma en cursos propostos polo CEFORÉ ou grupo de traballo ademais dos cursos de PLATEGA de formación on-line. Este curso a través do grupo de traballo queremos concretar en "Formación de Usuarios" a nosa aprendizaxe para o que contaremos cunha relatora que nos orientará

neste labor.

Ademais estamos interesados na catalogación a través do programa MEIGA, polo que tres mestres do grupo de traballo están matriculados neste curso on-line.

Posto que unha boa parte do claustro é provisional e hai un número significativo de compañeiros que todos os anos chegan novos ao centro, pensamos que sería necesario que cada curso, durante a primeira quincena todos os profesores tiveran algunha sesión de formación de usuarios co fin de coñecer e saber utilizar a biblioteca e así poder dar un mellor servizo nas titorías.

2.-OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

2.1.- Obxectivos: Formación de lectores competentes.

A **finalidade** do plan de lectura:

Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.

Os **obxectivos xerais** do plan de lectura son os seguintes:

- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do curriculum.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Despertar e aumentar o interese dos alumnos pola lectura.
- Lograr que a meirande parte dos alumnos descubran a lectura como un elemento de gozo persoal.
- Fomentar nos nenos/as, a través da lectura , unha actitude reflexiva e crítica no seu contorno.
- Promover entre os alumn@s o uso cotidiano e diario da biblioteca de xeito que adquiran as ferramentas para o manexo eficaz, así como valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Incorporar as TICs ao día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analizar a información que obteñen de xeito crítica.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes textos, esn diferentes soportes así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.

Obxectivos da **HORA SEMANAL DE BIBLIOTECA** :

- Mellorar a expresión oral.
- Ler de xeito expresivo.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación adecuada.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correctamente.
- Comprender distintos tipos de textos.

- Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para ter información de distintas fontes.
- Acceder ao descubrimento de distintos mundos: físicos ou de pensamento ou imaxinación.
- Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- Ler de xeito autónomo e con asiduidade.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información, á vez que de riqueza persoal.
- Desenvolver actitudes emocionais positivas cara o uso da lectura no tempo de lecer.
- Utilizar as ferramentas e recursos da Biblioteca Escolar.
- Establecer a través da escritura, unha vía de diálogo con outros lectores.
- Participar de xeito activo na dinámica do centro.
- Usar as TICs como fonte de consulta e medios de expresión.
- Realizar tarefas de investigación e elaboración de traballos documentais.

Os *Obxectivos da Biblioteca* son:

- Proporcionar apoio aos programas de ensino-aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.
- Dotar ao alumno das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.
- Habituar aos alumn@s á utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.

Os *Obxectivos específicos da biblioteca para E. Infantil* son:

- Achegarse á biblioteca como lugar máximo de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co libro de xeito lúdico.
- Adquirir hábitos de comportamento relacionados co xeito de estar na biblioteca.

Os *Obxectivos específicos da biblioteca para E. Primaria* son:

- Profundizar na relación do neno coa biblioteca coma un lugar máximo onde pode saciar a súa curiosidade.
- Despertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundizar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.

Os obxectivos a conseguir en relación *ás familias* son:

- Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
- Favorecer que os pais e nais se convirtan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.

Os obxectivos en relación ao *equipo de docente e ao centro*:

- Facilitar a través da información o coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis axeitadas para levalas á práctica.
- Potenciar un estilo docente no que ofrecemos recursos alternativos ao libro de texto, ampliando as vías de acceso á información e ao coñecemento.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- Fomentar o hábito de lectura diaria como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.
- Estimular a concepción do profesor como investigador e como dinamizador da investigación do alumnado.
- Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.

NIVEL	PERÍODO	APRENDIZAXE	CONSOLIDACIÓN	FUNCIONALIDADE E PERFECCIONAMENTO
IDADE	5 anos	6-7 anos	8-9 anos	10 - 11 anos
PERIODO	E. INFANTIL	E. PRIMARIA	E. PRIMARIA	E. PRIMARIA
CICLO		1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
OBXECTIVOS	Sensibilización	Aprendizaxe lector	-Consolidación da aprendizaxe lectora -Adquisición de hábito lector.	-Consolidación de capacidades -Funcionalidade lectora
CONTIDOS	-Coñecemento da súa existencia -Prerrequisito de maduración lectora	-Capacitación lectora: -Decodificación e identificación ideográfica.	-Consolidación das capacidades lectoras. -Estratexias comprensivas	- Integración do contido literario.
ACTIVIDADES	- Integración social e madurativa - Lúdicas con textos	-Lecturas acompañad@s en voz alta: entoación. -Pronunciación e comprensión de textos.	- Lectura : entoación - Capacidade de comprensión, fluidez, memoria - Xogos de lectura -Animación á lectura	- Actividades lectoras que permitan a estruturación do pensamento para a comprensión. - Ampliación de coñecementos literarios. - Actividades de expresión literaria persoal.

Cadro 1

2.2.-Creación e consolidación de hábitos de lectura.

Para conseguir crear en principio, e consolidar o hábito de lectura posteriormente propoñemos o seguinte plan lector para os diferentes ciclos de ensino primario.

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario **tempo e constancia** xa que a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e un acceso á información; por iso debemos presentar todas as ocasións posibles para animar a ler.

Fixaremos unha serie de textos de lectura obrigada en cada ciclo a xeito de

itinerarios lectores. Anexo IV.

No primeiro ciclo as lecturas fanse na clase da maneira colectiva e por pequenos fragmentos. De cada un deles trabállase a comprensión lectora, tamén se realizan debuxos para non esquecer a importancia das ilustracións. Os maiores xa poden facer fichas do libro: Título, editorial, autor, ilustrador...Cada nivel escolle un título e logo se intercambia de xeito que o neno compra un só libro, máis le catro.

No segundo ciclo adican os venres a primeira hora á lectura dun texto común, e facer exercicios de comprensión sobre o lido. Ademais tódolos días hai un momento de lectura. Da biblioteca de aula a profesora recomenda as lecturas que deben facer na casa ou tamén son de xeito voluntario. Polo Nadal cada neno mercou un libro, leuno fixo unha ficha de comprensión e agora está na biblioteca de aula para ser utilizado polos compañeiros/as.

No terceiro ciclo tamén polo Nadal mercan un libro que despois intercambian. Fan lecturas dun mesmo título da biblioteca do colexio e a súa biblioteca de aula nútrese dos libros do centro e mesmo dos que os nenos e as nenas traen da casa.

ORGANIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS DE AULA

No noso centro están a funcionar as bibliotecas de aula en case tódalas clases con libros procedentes da biblioteca do centro en réxime de préstamo. Cada titor escolle os libros para un período de tempo, normalmente un trimestre, e xestiona os préstamos na súa aula. En algúns casos os libros da biblioteca de aula son aportacións dos alumnos con libros propios e fanse préstamos igualmente.

Estanse levando a cabo varias maneiras de funcionamento. Levan un libro por semana ou quincena e fanse actividades sobre el na clase:

Cubrir a ficha do libro: autor, título, editorial...

Descrición de personaxes.

Debuxo dos personaxes.

Resumo do libro por capítulos ou xeral.

Resumo con viñetas do máis importante.

Xogos de comprensión:

Ler 4 ou 5 liñas e recoñecer o seu libro.

Ler 4 ou 5 liñas (xa sabendo que é o seu libro) e identificar se estamos ó principio, medio ou final.

Ler un diálogo, omitindo os personaxes, para saber de que libro se trata.

Ler un texto 3 ou 4 liñas con algo de diálogo e que sexan capaces de completar.

2.3.-O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información.

Un lector competente manifesta unha serie de aspectos:

a) Posúe actitude para utilizar diferentes formas de lectura: Lectura silenciosa, lectura en voz alta, rápida, selectiva, lenta.

- b) Recoñece diferentes tipos de texto escrito, comprende as súas mensaxes, o seu sentido e o vocabulario que utiliza: Textos literarios, científicos, técnicos, descritivos, argumentativos,...
- c) É capaz de ler en diferentes soportes: xornais, enciclopedias, monitores, diapositivas
- d) Constrúe proxectos de lectura con motivación variada: ler por pracer, por deber, por interese, por necesidade.

2.4.-Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.

O concepto de literacidade abarca todos os coñecementos e actitudes necesarias para o uso eficaz dos xéneros escritos. A orientación é máis socio-cultural que baseada nos enfoques lingüísticos. Dende esta perspectiva entendemos a lectura e a escritura como unha práctica social, onde os nenos utilizan os textos dentro dun contexto particular que debemos ter moi presente.

Debemos ter en conta que a literacidade abarca aspectos coma:

- Multiliteracidade: lectura de moitos textos, moi variados en moi pouco espazo de tempo.
- Biliteracidade: posibilidade de ler e escribir en dúas linguas
- Literacidade electrónica: chats, MSN, xogos de simulación, emails, web, blogs, foros: uso real da linguaxe que hoxe xa ocupa un lugar importante.
- Criticidade: que nos remite adoptar un punto de vista crítico sobre o que lemos. Podemos resumir dicindo que non se trata unicamente de *ler as liñas* senón ademáis de *ler entre liñas* e sobre todo *ler tralas liñas*.

Ademais da competencia lectora tamén desexamos que os nosos alumnos adquiran certa **competencia literaria**, formando lectores literarios: nenos e nenas que disfrutan cos libros, en especial coa literatura, coa ficción, ou coa poesía. Para elo temos unha lista de textos en cada ciclo que tódolos anos damos aos nosos alumnos, xunto coa participación en diferentes certames literarios.

Sabemos que para ter éxito neste empeño se require dun entorno positivo: familia, sociedade e medios de comunicación estimulantes que estamos lonxe de acadar; pero tamén é verdade que esa minoría de lectores empedernidos saírán das nosas aulas e somos nos os que temos que dar resposta ás súas demandas.

Procuraremos traballar coas familias principalmente este tema facéndolle ver a importancia do seu papel motivador e de modelo a seguir.

2.5.-Lectura de todo tipo de texto, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

Si algo está claro é que os alumnos do século XXI van necesitar ser lectores competentes en calquera tipo de soporte. Deberán ser capaces de manexar unha páxina web, elaborar un hipertexto, uso axeitado de internet, chats, blogs ...competencia que devolve á lectura a súa faceta primordial e á vez a enfronta a

novos e importantes retos.

Por elo ademais do horario específico de informática intentaremos dotar a tódalas aulas cun equipo informático completo onde os nenos poidan aumentar a súa competencia lectoescritora escribindo, correxindo, relendo... construíndo linguaxe dende as novas tecnoloxías e a través de tódalas áreas, xa que non podemos esquecer o carácter motivador desta nova forma de traballo.

Con relación aos textos utilizaremos todo tipo de textos según os diferentes niveles: narrativos, expositivos, descriptivos, matemáticos...

2.6.-Metodoloxías máis axeitadas.

Diferentes actuacións nos axudan a seguir unha metodoloxía de traballo tanto en E. Infantil como en Primaria, dende a aula coma dende a biblioteca co fin de motivar e sistematizar actividades dentro da dinámica xeral do centro.

EDUCACIÓN INFANTIL

CARNÉ DE LECTORES

No primeiro trimestre, dedícase un día para que os nenos de 5 anos visiten a biblioteca , onde o encargado da mesma explícalles o seu funcionamento e fai os carnés de lectores.

Cada día da semana, no recreo, retiran un conto co seu carné.

HORARIO LECTOR

Nas aulas dedícase un día á semana a ler un conto da biblioteca de aula, lectura en voz alta pola mestra, e tamén úsase como recuncho tódolos días.

Na súa casa están a traballar nun material da Consellería " Contamos moito" que consta de:

- Sete folletos informativos para os pais: "Quen, cando, que, a quen, como, onde e por que ler"
- Un caderno grande onde os nenos fan os debuxos dos contos lidos .
- Un caderno pequeno onde escriben os títulos dos contos e serve como rexistro dos contos lidos.

Ao final de curso dáse un premio a tódolos nenos e nenas : un adhesivo de bo lector

Tamén os alumnos de 5 anos van a aula de informática unha vez á semana a traballar co programa "A ratiña Lola" e "Mis primeros pasos con Pipo" como actividades de iniciación ás TICs.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Actividades da biblioteca:

1. **Préstamo:** tódolos días en horario de recreo (12:00 a 12:30h.) atendido polo encargado da biblioteca.
2. **Vaile co conto ao "mestre":** Na hora do recreo. Organízanse quendas de "escoitadores" entre @s maestr@s que voluntariamente desexan colaborar cada mes.
3. **Os martes... conto:** tódolos martes de 17:00h a 18:00h. Colaboran pais, nais e maestr@s voluntarios, contando un conto aos nen@s de E. Infantil.
4. **A hora dos deberes e relax:** Tódolos días de 14:30h a 15:30h (horario que comprende dende a saída do comedor deica o inicio das clases da tarde). Atendido polo equipo de apoio á biblioteca.

Amais destas actividades realizaranse outras de animación á lectura de procura de información e de escritura e ilustración propostas e coordinadas polo equipo de apoio á biblioteca:

1. **A caza do tesouro:** actividade a realizar como conmemoración do día das Letras Galegas no período comprendido entre finais de abril e a primeira quincena de maio. Un grupo de profesores escenifican diferentes contos polos que van pasando os alumnos; en cada un deles dase unha palabra clave que axudará a resolver un encrucillado e así conseguir o tesouro.
2. **A olimpíada do saber:** concurso de procura de información a través da consulta dos fondos da biblioteca. Cada día, de luns a xoves, aparece unha pista no taboleiro da biblioteca que nos achega a solución final.
3. **Obradoiro de escritura creativa:** realizarase en horario escolar nun tempo de uso da biblioteca polas diferentes aulas ao longo do curso.
4. **Concurso de ilustradores de contos:** realizarase en horario escolar nun tempo de uso da biblioteca nas diferentes aulas durante o curso.
5. **Actividades de lectura compartida:** realizarase en horario escolar nun tempo de uso da biblioteca por todas as aulas durante o curso escolar.
6. **Maleta viaxeira:** Actividade que se fai nas aulas de E. Infantil consistente na elaboración dun libro colectivo en colaboración coas familias dos nenos/as.
7. **Recital de poesía:** Actividade presentada este ano por primeira vez coincidindo co Nadal e con gran éxito de participación, tanto na elaboración coma na lectura de textos.
8. **Exposicións temáticas:** Semana da Paz, Samaín, Entroido, As estrelas. Procuramos renovala cada quince días.
9. **Carnés de axudante da biblioteca.** Anexo V
10. **Adhesivos** para celebrar o día das bibliotecas escolares.
11. **Concurso de marcapáxinas,** con diferentes técnicas plásticas.
12. **Libros que nos deixaron unha pegada inesquecible.** Exposición en formato de pegadas polos corredores nos que escribimos os datos do libro que máis nos interesou.

No apartado de **publicacións** a Biblioteca levará a cabo as seguintes accións:

1. Edición do **Barquiño de papel**, boletín da biblioteca e de distribución entre tódol@s alumn@s do colexio; agora tamén na web do colexio.
2. **Guías de lectura para mestres/as**, sobre determinados aspectos curriculares.
3. **Guías de lectura para nen@s**: novidades, recomendacións, contos...

2.7.-Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

Para posibilitar ambientes lectores necesitamos fixar espazos e tempos que os propicien; por elo na biblioteca cada curso fixará unha hora á semana para este fin. Na aula, dentro do horario de cada curso tamén se fixará como mínimo media hora de lectura, a maiores da práctica que diariamente se ven facendo. Tamén os clubs de lectura que este curso comezaron a funcionar teñen o seu espazo e tempo definido para poder darlle a continuidade necesaria.

O horario da biblioteca é ininterrumpido durante o período lectivo. Funciona ao longo de todo o curso, xa que se abre a primeira semana de clase e mantense o seu horario ata final de curso, fixando o último día de préstamo quince días antes de terminar as clases.

Durante o horario escolar é atendida polo encargado para realizar préstamos no recreo de 12,00 a 12,30 h, despois os titores poden achegarse cos alumn@s sempre que o precisen.

Tamén conseguimos que estea aberta en horario extraescolar para a hora do conto: os martes de 17,00 a 18, 00h. e despois de comer para a hora dos deberes e relax: tódolos días de 14,30 a 15,30h.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-11,00					
11,00-12,00					
12,00-12,30 RECREO	PRÉSTAMOS Vaille co conto ao mestre	PRÉSTAMOS	PRÉSTAMOS	PRÉSTAMOS	PRÉSTAMOS Vaille co conto ao mestre
12,30-13,30					
14,30-15-30	Hora dos deberes e relax	Hora dos deberes e relax	Hora dos deberes e relax	Hora dos deberes e relax	Hora dos deberes e relax
15,30-16,15			1º A		
16,15-17,00		4º A	1º B	2º B	2º A
17,00-18,00		Os martes... conto			

CLUBS DE LECTURA. Anexo III

Capítulo aparte merecen os clubs de lectura que este ano, dende a biblioteca, puxéronse en marcha coma unha nova actividade.

Trátase dunha actividade de animación á lectura coordinada por un mestre/a e dirixido aos alumnos e alumnas de primaria. Agrupámonos polas seguintes temáticas: misterio e terror, aventura e humor, mitoloxía, contos tradicionais e poesía. Ante a grande afluencia de nenos constituíronse 9 clubs de misterio e terror, 4 de aventura e humor, e 1 de cada unha das outras temáticas.

Actividades do club:

- Poñer un nome ao club, e crear unha mascota que o identifique. AnexoVII
- Elexir o libro para ler a parte acordada entre tódolos membros do club de maneira persoal e fóra das horas de reunión.
- Asistir as reunións fixadas; normalmente no horario do recreo.
- Comentar nas reunións aspectos da parte lida do libro: personaxes, críticas, dificultades na lectura, vocabulario,...
- Outras actividades culturais; teatro, exposicións, visita dalgún escritor, realizar algunha viaxe, películas relacionadas co libro, ...
- Pretendemos a participación con comentarios no blog da biblioteca.
- No primeiro ciclo de E.P. leváronse a cabo outras actividades plásticas para que resulte máis motivadora a lectura, sendo este curso en fase experimental. Facilitáronse dende a biblioteca os libros elixidos por cada club en préstamo. AnexoII

2.8.-A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.

A biblioteca ten un papel relevante á hora de funcionar como apoio ao estudo para a compensación das desigualdades sociais.

Unha das funcións primordiais que nós pensamos que ten a biblioteca escolar é a de compensadora de desigualdades e polo tanto tódalas actividades propostas se concretan en diferentes niveis para que todos os nen@s poidan acceder a elas sen prexuízo das súas capacidades, ou destrezas. A biblioteca está ubicada na planta baixa do colexio co fin de facilitar a accesibilidade a toda a comunidade educativa. Por outra banda, incrementáronse os fondos para alumn@s con NEE adaptados aos seus niveis. O Centro participa ademais no Programa de Acompañamento a alumn@s con dificultades, PROA, no que a biblioteca está a disposición sempre que é necesaria.

2.9.-Recursos culturais do contorno (bibliotecas e outros).

Procuramos aproveitar en todo momento os recursos culturais que nos ofrece o noso contorno tanto fixos coma de xeito ocasional: exposicións, obras de teatro, concertos. Contamos cunha biblioteca municipal á que os alumnos de 1º curso asisten nunha primeira visita dende o centro para coñecela, facerse socios e poder utilizala

posteriormente de xeito máis autónomo.

Tamén o Centro Comarcal "Río Cigueño" ten unha oferta cultural de exposicións itinerantes asemade de distintas proxeccións sobre a comarca.

2.10.-Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

O proxecto está coordinado por Xoaquín Freixeiro Álvarez, encargado da biblioteca. Participa ademais un grupo de nove mestres constituídos como grupo de traballo e apoio a biblioteca, e en actividades puntuais participan tamén mestres voluntarios. Sen todos eles sería imposible acadar o grao de implicación tan importante que esta actividade ten no noso centro dende hai tanto tempo.

DECEMBRO BIBLIOTECA					
<i>OS MARTES... "CONTO" AHORA DOS DEBERES... VAILLE CO CONTO AO "PROFE"</i>					
	lun	mar	mér	xoves	venres
1º MARTES__Chelo					1 Belen
2º MARTES__Angeles	4 Carmen	5 Anita	6 Carmela	7 Rosa V	8 Chelo
3º MARTES__Carmela	11 David	12 Ana	13 Cesar	14 Teresa	15 Carmen
	18 Irene	19 Marién	20 GRAZAS	21 FELICES	22 FESTAS

Exemplo de cadro de distribución das actividades dun mes.

2.11.-Modo de difusión e apoios necesarios.

Tódalas actividades propostas polo equipo da biblioteca pasan ás reunións de ciclo onde son valoradas e perfiladas para despois poñelas en marcha se procede. Tamén destas reunións de ciclo saen propostas para ser concretadas polo equipo de apoio á biblioteca. O que pretendemos é que todas as decisións se tomen de xeito consensuado por todos os mestres e que todos estean implicados neste proceso dalgún xeito.

Na actualidade xa contamos coa páxina web do colexio para difundir o noso traballo.

3.- INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.

Organización de actividades por trimestre

	Xestión técnica e organizativa	Dinamización		
		Formación de usuarios	Educación documental	Animación á lectura
1º trimestre	Actividades de capacitación para profesorado Mantemento de catálogo	Cursos de formación no CEFORE-Platega Explicación das normas de funcionamento da biblioteca	Hora dos deberes Guías de lectura	<ul style="list-style-type: none"> - Os Martes...Conto - Vaille co conto ao "mestre" - Edición do folleto da biblioteca "O Barquiño de Papel" - Obradoiro de escritura creativa - Maleta viaxeira
2º trimestre	Mantemento de catálogo	Elaboración de carteis, murais sobre as normas de funcionamento máis utilizadas	Hora dos deberes Guías de lectura Olimpíada do saber	<ul style="list-style-type: none"> - Os Martes...Conto - Vaille co conto ao "mestre". - Edición do folleto da biblioteca: "O Barquiño de Papel" - Concurso ilustradores - Maleta Viaxeira
3º trimestre	Mantemento de catálogo Expurgo		Hora dos deberes Guías de lectura	<ul style="list-style-type: none"> - Os Martes...Conto - Vaille co conto ao "mestre" - Edición do folleto da biblioteca: "O Barquiño de Papel" - A caza do Tesouro - Maleta Viaxeira - Programa de lectura silenciosa

Cadro 2

3.1.-Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en tódalas áreas.

Con este cadro pretendemos concretar en cada ciclo os aspectos preferentes de comprensión lectora que imos traballar nas distintas áreas.

Cadro 3 Diseñada por Timón para complementar a capacitación lectora na E. Primaria.

3.2.-Fomento de hábitos de lectura en tódalas áreas.

Propoñemos algunhas actividades para fomentar a lectura en tódalas áreas:

CAMPAÑAS

PLAN LECTOR DE ENSINO PRIMARIO			
ACTIVIDADES	CURSOS		
	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
1.-CONSOLIDACIÓN DE MECANISMOS LECTORES			
- Vocabulario.....		
- Correspondencia grafo-fónica.....		
2.-LECTURA DE TEXTOS NARRATIVOS.			
- Lectura de imaxes(Oralización e cuestionario).....	
- Ensamblaxe fonolóxica.....		
- Ampliación de vocabulario.....	
- Textos con lagoas.....
- Cuestionarios de lectura silenciosa.....
- Ordenación de frase e parágrafos.....
3.-LECTURA DE TEXTOS EXPLICATIVOS E DESCRIPTIVOS:			
- Cuestionarios Identificación.....	
- Memorización.....
- Inferencia.....
- Completar debuxos explicativos.....	
- Clasificación de datos.....
- Execución de instrucións.....
4.- LECTURA DE INVESTIGACIÓN SOBRE SITUACIÓNS MATEMÁTICAS.			
- Comparación lóxica de imaxes.....		
- Interpretar listados.....		
- Correspondencia gráfico - debuxo.....		
- Extraer listado dun texto.....		
- Síntese de enunciados.....	
- Cuestionario a partir do enunciado.....	
- Explicar por partes o enunciado.....	
- Completar enunciados.....
- Extraer preguntas do enunciado.....
- Interpretar planos.....
5.- LECTURA DE TÁBOAS.			
- Listado. Búsqueda de datos.....	
- Construír táboas.....	
- Completar táboas con datos.....	
- Cuestionario interpretativo.....	
- Interpretar táboas.....	
- Variantes de datos propostos.....	
- Identificar erros.....	
6.- LECTURA EN VOZ ALTA.			
- Fonetización de sons.....		
- Erradicar rasgos silábicos.....		
- Entoación narrativa e variable.....		
- Textos expresivos.....	
- Poesía (ritmo).....	
- Fábula(Xestitulación).....	
- Lectura sobrevolada.....	
- Resumo comentado.....	

a gran eiva do sistema educativo.

A elaboración de traballos de investigación documental apórtanos unha moi boa oportunidade de traballar moitas competencias lingüísticas e, ao tempo, de capacitar

ao noso alumnado como usuarios conscientes dos servizos da Biblioteca escolar preparándoos para o reto de aprender a aprender.

A procura, selección e uso da información require o desenvolvemento de múltiples habilidades, como son formular e analizar as necesidades, identificar e avaliar posibilidades, ubicar cada un dos materiais, examinar, seleccionar e refugar recursos, avaliar os contidos, rexistrar e extraer o máis interesante, interpretar, analizar, e sintetizar a información que imos usar, organizala e presentala, e, por último, avaliar o traballo. (Marland, M.).

Á vista da importancia do desenvolvemento de todas estas habilidades, a potenciación dos exercicios de procura documental, alomenos no terceiro ciclo de primaria, resulta completamente necesaria. Estes proxectos documentais son unha moi boa ferramenta para construír o coñecemento acordes cos retos da sociedade da información, xa que os alumnos e alumnas ao tempo que investigan sobre un aspecto concreto, familiarízanse cos mecanismos básicos de procura de información.

Para unha correcta dinámica na elaboración destes traballos cómpre seguir unha serie de pasos por parte de todos os que interveñen no proceso, dende o mestre que propón a actividade, ao alumno/a que a elabora e os compañeiros e compañeiras da mesma aula que son os receptores finais da tarefa elaborada. Para elo comezamos facendo borradores que se irán revisando e ampliando progresivamente ata conseguir o traballo desexado no que tódalas partes estean claramente presentes. Partir de borradores permítenos revisar, completar, autoavaliar o proceso e aportar todo tipo de información necesaria ata acadar o obxectivo proposto.

1.- Definir o obxectivo da procura.

O profesorado á hora de propor un traballo desta natureza deberá delimitar con claridade o campo de traballo, sinalando concretamente o *que quere que sexa investigado*. "A primavera" pode ser un bo título para unha redacción pero non para un traballo documental, onde a amplitude de aspectos que se poderían tratar non farían máis que dificultar a tarefa ata chegar incluso a imposibilidade da súa realización.

Así mesmo, o profesorado deberá aportar unha *bibliografía básica* para a elaboración, así como páxinas web que puidesen servir para a achega de datos.

Sería, por último, desexable aportar un esquema que o alumnado deberá seguir na elaboración do traballo, e deixar claro sempre como se espera que se expoñan os resultados da investigación.

2.- Procura dos documentos.

O alumnado deberá coñecer as fontes de información dispoñibles, os documentos que mellor lle poidan aportar informacións relevantes, procuralos

nos andeis, no catálogo da biblioteca, na rede.

3.- Seleccionar os documentos.

Elixir os documentos máis axeitados dependendo do tema que se trate, *tomando notas* de todos os documentos escollidos. É importante que poidamos *consultar varias fontes* e contrastar así os datos recollidos nunha ou noutra publicación.

4.-Obter a información.

Para a obtención da información haberá que ler os documentos, seleccionar a información e tomar notas para a posterior elaboración. Non nos valerán fotocopias de documentos ou a táctica de copiar e pegar habitual nas procuras na rede. A toma de notas resulta fundamental no que supón de selección dos contidos relevantes de cada documento e unha das habilidades, das que xa fixemos referencia, que pretendemos potenciar no noso alumnado.

5.-Sintetizar a información.

Neste paso as informacións recollidas no apartado anterior terán que ser *resumidas* e organizadas según un esquema lóxico.

6.-Presentar a información.

Unha vez recollidas as informacións necesarias, seleccionadas e organizadas dun xeito lóxico, haberá que preparar a comunicación dos resultados ao grupo da clase, ao resto do colexio ou á comunidade escolar, dependendo das características do propio traballo. Según o que pretendamos en cada caso, teremos que escoller entre distintos tipos de presentacións (montaxe de diapositivas, exposición oral, paneis informativos...).

No caso de que elixísemos a realización dun *traballo escrito*, este deberá ter en conta determinadas compoñentes necesarias para unha *presentación* axeitada. Así é necesario, por exemplo, que se presente cunha *portada* na que se indique o autor, título e data. Tamén deberá conter *un índice ou sumario* no que se vexa claramente a súa estrutura e os aspectos abordados. No desenvolvemento do traballo e por último, deberá constar expresamente a *bibliografía* empregada e as fontes documentais consultadas.

7.-Avaliar o traballo.

O remate final de todo proceso educativo é o da avaliación do mesmo, xa que é o que determina a validez de todo o proceso educativo. No caso das procuras documentais a avaliación non se ha restrinxir a valorar só o produto final, senón que deberá valorar o desenvolvemento das distintas fases ás que fixemos referencia, logo avaliaremos os diferentes momentos do proceso.

Porén respecto á formación de usuarios, hai que sinalar que no primeiro trimestre organízanse sesións para que todos os grupos pasen pola biblioteca a realizar formación de usuarios, apoiados nunhas fichas que o encargado da biblioteca lles dá aos nen@s a modo de xogo. Un dos calendarios deste ano é o seguinte:

HORARIO DE FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA

	LUNS 21	MARTES 22	MÉRC. 23	XOVES 24	VENRES 25	LUNS 28	MARTES 29
1º HORA	1ºA	2ºA	3ºA	5ºA	4ºA	5ºB	6ºA
2º HORA	1ºB					5ºC	
3º HORA							
4º HORA		2ºB	3ºB		4ºB		6ºB
5º HORA							

**AVISO IMPORTANTE
BIBLIOTECA**

O Equipo "B"(de Biblioteca) comunica que a partir do vindeiro luns, día 9 comenzarán as actividades específicas da biblioteca.

1. A primeira é máis importante é a de **FORMACIÓN DE USUARIOS/AS E COÑECEMENTO DAS NORMAS XERAIS DA BIBLIOTECA.**
 Aí vai o calendario que vos propoñemos para que pasedes un ratinho (1ª hora da mañá) por ali cos vossos alumnos/as. (Se non vos vai ben pódese modificar).

Día 9 de outubro: 1º A-1º B
Día 10 de outubro: 2º A-2º B
Día 11 de outubro: 3º A-3º B
Día 13 de outubro: 4º A-4º B
Día 16 de outubro: 5º A-5º B
Día 17 de outubro: 6º A-6º B
Día 23 de outubro: E. I. 5 anos A
Día 24 de outubro: E. I. 5 anos B

Confírmade con Xoaquín a data o día anterior.

2. Estamos preparando as actividades de

Vaile co conto ao profe
A olimpiada do Saber
Os martes ...conto.
 Admitense suxestións, voluntarios e calquera idea constructiva. Máis nada por hoxe.

Xoaquín, Chelo ou Carmela vos podemos informar.
Prometemos... GRANDES SORPRESAS????????????????

3.4.-Integración das TIC

USO DAS TICs NA BIBLIOTECA ESCOLAR

As novas tecnoloxías, e moito máis nos últimos anos, van adquirindo unha importancia capital no funcionamento das bibliotecas, e afrontar o reto organizativo e didáctico que supoñen é, ao noso entender, unha das chaves para o futuro das mesmas.

Na nosa biblioteca abordamos a súa incorporación dende catro perspectivas diferenciadas:

Xestión informática dos fondos


O primeiro esforzo de introducción das novas tecnoloxías na xestión e dinamización da biblioteca escolar foi o abandono do sistema tradicional de tarxetas por unha catalogación informática dos fondos. Para isto contouse co programa Abies 1.c, e un ordenador celeron de 512 Mb. A escasa potencia do ordenador e o seu estado de deterioro pola idade, levaron a que, unha vez rematado o proceso de catalogación, daquela os fondos eran de aproximadamente 5000 exemplares, unha avaría fíxonos perder a metade dos fondos catalogados.

A nova catalogación realizouse xa coa nova versión do Abies 2.0, ao que se migraron os datos que se puideron conservar, engadindo aos poucos o resto de rexistros perdidos e as novas adquisicións.

O Abies que traballamos actualmente é un programa con moitas prestacións para o servizo da biblioteca, e, ademais, é un programa que son quen de xestionar unha boa parte do profesorado do centro, cando menos as opcións de empréstanos e devolucións.

A pesares disto o actual equipo da biblioteca está a estudar a posibilidade de cambiar de programa para o MEIGA da consellería de cultura, para o que varios membros do grupo teñen solicitado cursos de formación na xestión deste programa, entre outras razóns para usar un programa en galego e que é o mesmo que empregan a biblioteca pública do Barco e as bibliotecas dos outros centros da comarca.

Con todo, a decisión final sobre o programa que vai xestionar no futuro a nosa biblioteca ha ter en conta as prestacións que un e outro programa ofrezan, valorándose todos os factores polo equipo de apoio da Biblioteca.



Páxina web da Biblioteca e Blog

Dende comezos do ano 2008 xa temos a posibilidade de consultar na rede a páxina web da biblioteca, aínda que esta xa estaba elaborada, nas súas liñas mestras, dende o curso 2005-2006. Houbo que esperar a que se rematase a páxina web do colexio, onde se aniñou o sitio da Biblioteca. O enderezo é o seguinte: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa> para o enderezo do colexio, e <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/index.html> para a páxina de inicio do sitio da biblioteca.



Esta ferramenta web consta de distintas páxinas que ofrecen opcións para o traballo ou facilitan información sobre as actividades da biblioteca.

Na primeira páxina á que se accede dende o vencello da páxina do colexio dáselle

a benvinda aos internautas, e ofrécese a posibilidade de contactar, mediante o correo electrónico, cos servizos bibliotecarios.

Consta tamén dunha columna con ligazóns ás distintas páxinas do sitio web, así como ao **blog da biblioteca** e a outros lugares alleos á nosa biblioteca, pero que ofrecen recursos de interese.

Seguindo a orde alfabética das ligazóns desta columna, presente en todas as páxinas do sitio, chegamos á páxina adicada ás actividades que oferta a biblioteca.

Nesta páxina fálase das distintas actuacións que se levan a cabo en relación a diferentes servizos: animación á lectura, formación de usuarios, boletín da biblioteca, etc...




Na seguinte páxina ofrécese a posibilidade de consultar o catálogo da biblioteca. Preséntase unha páxina coas **siglas da CDU** e un debuxo alusivo á súa temática, que abren ficheiros en PDF cos rexistros bibliográficos ordeados alfabeticamente. Con esta páxina preténdese dar a coñecer entre o profesorado e o alumnado do centro os distintos materiais de que dispomos na

biblioteca para fomentar a súa consulta.

Continuando a nosa navegación, chegamos a unha páxina na que se ofrece un servizo de contacontos para os máis pequenos. Presentacións e contos en flash ábreanse para facilitar o acceso aos contos para os máis pequenos visitantes do sitio. Os contos, en todos os casos acompañados de debuxos e do texto, son narrados oralmente.

Tamén se ofrece unha **páxina adicada ao poeta**, intelectual galeguista e persoeiro valdeorrés, **Florencio Delgado Gurriarán**, cunha pequena escolma da súa obra poética e uns apontamentos biográficos básicos. Débese sinalar que o nome da nosa biblioteca é o deste autor, sinxela homenaxe de respecto e admiración pola súa obra e a súa figura.





Así mesmo contamos cunha páxina de ligazóns a lugares de interese educativo e documental. Esta páxina deberá irse renovando, ampliando e mellorando ao tempo que vaíamos




deseñando actividades de procura documental dende as aulas do colexio, para ofrecer as ligazóns necesarias para garantir o éxito das procuras do alumnado.


Por último temos deseñada unha páxina na que falamos dos proxectos nos que estamos, **arestora** embarcados. Dende esta páxina podemos acceder tamén á edición do Barquiño de Papel, boletín da biblioteca cunha periodicidade que pretende ser bimensual.



O **Barquiño** editase en papel e repártese a todo o alumnado e profesorado do centro. Neste boletín, a parte das novas que van sucedendo no colexio, publicítanse as actividades que impulsa a biblioteca, e, á calor das festas cíclicas, recoméndanse lecturas relacionadas con elas. Pensamos polo tanto que poderíamos crear a nosa hemeroteca virtual, para que todos os barquiños puidesen ser consultados en liña, e iso é o que permiten as ligazóns ás edicións en PDF destes boletíns.



Aniñada dentro desta páxina de proxectos está unha actividade de recollida documental elaborada no curso 2006-07 polo ENL e o Equipo da Biblioteca, Consistiu esta actividade na recolleita nas casas de **fotos antigas**, preferentemente da época dos avós do alumnado. Froito desta experiencia realizouse unha exposición de paneis cunha escolma das fotografías recollidas que se complementa con este sitio web no que aparecen, seleccionadas por temáticas, todas as fotografías recollidas na actividade.



Por último neste apartado de proxectos sinalar a presenza dunha **actividade en Jclic sobre formación de usuarios**, nas que se traballan

conceptos como as normas da biblioteca, as etiquetas das signaturas, a división da CDU, e os distintos tipos de documentos e a súa utilidade na procura de información.

Sería desexable ampliar as páxinas da Web con páxinas adicadas á creación literaria e á exposición de traballos de investigación do alumnado, entre outras moitas posibilidades nas que se pode traballar.

Tamén, e de feito foi como comezou a aventura na rede da biblioteca, dispoñemos dun espazo na blogosfera, ao que podemos chegar tecleando o seguinte enderezo:

<http://condesa.blogaliza.org>

O Blog, como todos os blogs, serve de diario dos acontecementos do colexio, pero abordados dende a óptica da biblioteca, abrindo espazos para a participación por escrito do alumnado.

O primeiro uso que se lle pensou dar consistía en que fosen lugares para expoñer os comentarios que fosen xurdindo nos clubs de lectura, e para actividades de avaliación das lecturas das distintas aulas do colexio, función que, arestora, cumpre xunto ás funcións de órgano informativo das actividades do centro.



Acceso a internet

Na Biblioteca temos dous postos informáticos conectados a internet e que se encontran a disposición do alumnado do centro para a súa utilización como fonte de informacións para os traballos documentais.

O seu uso, de xeito autónomo, faise entre 14:30 e 15:30 h. en quendas de 15 minutos de duración, e previa presentación ao bibliotecario/a do carnet por puntos (un sistema de control de conducta posto en marcha no colexio).

A realidade da práctica do uso do ordenador é a de acceder a páxinas de xogos en internet e outras prácticas que non eran as que nun principio tiñamos en mente no equipo de apoio á Biblioteca cando programabamos as actividades a facer con este equipamento.

Pensamos que a causa fundamental reside en que o profesorado aínda non é consciente da necesidade de dar uso didáctico a este equipamento e a escasez de traballos de investigación que se propoñen ao alumnado. Diseñar unha estratexia para uniformar os traballos de investigación, promover a súa inclusión nas programacións de actividades de aula e a promoción do blog do colexio como referente para realizar comentarios poden ser as principais actividades a realizar con este equipamento e que, en cursos sucesivos trataremos de que sexan incluídos nas prácticas docentes do colexio.

Aula de informática

O colexio conta cunha aula con 25 ordenadores en rede e conexión a internet, amais dunha pizarra dixital, onde se realizan actividades dos distintos mestres co seu grupo de alumnos/as como reforzo didáctico das materias que se van traballando nas distintas áreas do currículo. Tamén se emprega esta aula para dar clases de iniciación á informática para o 3º ciclo.

Dentro das actividades que dende esta aula se realizan, atopamos varias que teñen relación co traballo de biblioteca e a formación de usuarios. Referímonos ás actividades de formación de usuarios en formato Jclic, instaladas en todos os ordenadores da sala e que se utilizan con regularidade polos alumnos como reforzo das actividades de formación de usuarios realizadas na biblioteca.

Tamén se realizan actividades de procura de información en internet, aprendendo o uso dos buscadores, enciclopedias on-line e páxinas web, convertindo a clase de informática máis nunha aprendizaxe para acadar as informacións que nunha clase de informática ao uso.

3.5.-Implicación das familias e do contorno.

Neste apartado temos que mencionar a boa disposición das familias en actividades puntuais como contar un conto ou participar na aportación de materiais. Gustaríanos poder seguir traballando neste campo para concienciar a toda a comunidade da importancia de formar bos lectores nos primeiros grupos de referencia, así como de participar activamente en propostas de escritura creativa.

4.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.1.-Elaboración de instrumentos.

Ademáis dos xa establecidos, cada trimestre pasarase un cadro aos ciclos para avaliar os distintos aspectos traballados do proxecto lector de centro; todo iso tendo en conta que os contidos do proxecto lector organizáronse según os seguintes ámbitos de **competencia**. :

- Uso da lectura comprensiva e expresiva como ferramenta de aprendizaxe en calquera tipo de textos.
- Uso privado da lectura como un medio para satisfacer os intereses persoais no ocio e na relación cos outros.
- Uso da escritura como ferramenta das propias creacións.
- Coñecemento dos procesos habituais de consulta e catalogación.
- Uso da linguaxe oral e das tecnoloxías da información como medios para fortalecer o resto das áreas.
- Ser quen de facer traballos documentais seguindo as pautas dadas.

4.2.-Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.

Realizamos avaliación do noso proxecto a través de enquisas á comunidade educativa, unha vez ao trimestre e de reunións de avaliación do equipo da biblioteca. Fixemos unha avaliación xeral na que se determinou o grao de validez do traballo, a adaptabilidade á práctica docente así como o nivel de satisfacción do persoal enmarcado no proxecto.

Queremos mellorar a planificación de A Olimpíada do saber para que sexa máis dinámica e participativa.

- Proxectaremos un programa de Lectura Silenciosa Sostida para os/as alumnos/as de 3ª Ciclo de E. Primaria.
- Hoxe lemos... poesía, teatro... Diferentes estilos
- Tertulia sobre distintos autores: "Lemos e Falamos de:"

Para a avaliación dos aspectos relacionados co hábito lector terase en conta, non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Para concluír hai que destacar o alto grao de satisfacción do profesorado enmarcado no proxecto que traballou nun ambiente distendido e implicándose moi activamente tanto en actividades realizadas individualmente como nas de grupo. Foi moi positiva a toma de decisións consensuadas, os coñecementos básicos adquiridos no manexo do programa de xestión bibliotecaria en uso no colexio, o Abies 2.0 e tamén a incorporación de actividades de animación á lectura e escritura creativa na práctica docente nas aulas, así como as actividades e formación de usuarios. Por último tendo en conta o pouco tempo que levan funcionando os clubs de lectura, parécenos precipitada a súa avaliación.

ANEXOS
ANEXO I
CUESTIONARIOS UTILIZADOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO			
IDADE: ----- SEXO: ----- CURSO: ----- DATA: -----		Si	No
		n	
1	¿Hai na túa clase unha pequena sección documental de aula?		
2	¿Recoméndanche libros no colexio?	Para ler	
		Para consultar	
3	¿Vas normalmente á biblioteca do teu colexio?		
4	¿A quen consultas para que che suxiran lecturas?: -----		
5	¿Levas libros prestados da biblioteca do colexio?		
6	¿Eres socio da biblioteca pública? ¿Vas con regularidade? ¿Levas libros prestados?		
7	¿Que tipo de libros les?: De literatura infantil e xuvenil--- Documentais e informativos--- Comics/tebeos---		
8	¿Canto tempo dedicas semanalmente a ler por gusto?-----		
9	¿Canto tempo dedicas semanalmente a ler para estudar?-----		
10	¿Canto tempo dedicas ao día a ver televisión?-----		
11	Escribe o título dos tres últimos libros que leras enteiros e que che gustaran moito 1. 2. 3.		
12	¿Lenche os teus mestres en voz alta?		
13	¿Realizas actividades de confección de esquemas e mapas conceptuais?		
14	¿Realizas normalmente resumos de textos?		
15	¿Recoméndanche os mestres lecturas complementarias ao libro de texto?		
16	¿Realizas actividades de clase empregando recursos de internet, DVD, Cdrom...?		
17	¿Realizas actividades utilizando textos de referencia e de consulta que non sexan o libro de texto?		
18	¿Realizas actividades orais, escritas e de consulta antes das actividades extraescolares?		
19	¿Consultas os fondos da biblioteca escolar para preparar os traballos escolares?		
20	¿Cústache comprender o que les?		
21	¿En que materias téis máis dificultades? ---C. M ---Matemáticas ---Música ---E.F.	---Lingua castelá e literatura ---Lingua galega ---Lingua estranxeira ---Plástica	

	---Informática				
22	¿Hai na túa clase biblioteca de aula?				
23	¿De quen son os libros da biblioteca de aula?				
24	¿Pódelos levar prestados?				
25	¿Cómpranche libros teus pais?				
26	¿Len os teus pais con regularidade?				
27	¿Que len?:	libros---	revistas---	xornais---	nada---

CUESTIONARIO PARA O PROFESORADO						
INTERVENCIÓN E ACTUALIZACIÓN DIDÁCTICA. FORMACIÓN. PRÁCTICA LECTORA						
ESPECIALIDADE: -----		TITOR DE: -----		DATA: -----		
		SI	NON			
1	¿Utilizas a biblioteca co teu alumnado para complementar o teu labor docente?					
2	¿Realizas actividades de confección de mapas conceptuais, esquemas e resumos?					
3	¿Recomendas ao alumnado lecturas complementarias ao libro de texto?					
	¿Utilizas lecturas complementarias ao libro de texto?					
4	¿Realizas actividades utilizando recursos electrónicos de internet, DVD, CDRom...?					
5	¿Realizas actividades utilizando libros de referencia e de consulta?					
6	¿Realizas traballos de documentación e reflexión antes e despois dunha actividade complementaria ou extraescolar?					
7	¿Ensinas ao alumnado habilidades no uso da información e traballos documentais baseados en distintas fontes?					
8	¿Desenvolves actividades de promoción lectora utilizando os recursos bibliotecarios?					
9	¿Empregas os textos do alumno para traballar aspectos relacionados coa comprensión e expresión escrita?					
10	¿Realizas actividades de exposición oral?					
11	¿Pides ao teu alumnado que recopile nunha carpeta os seus traballos documentais, escritos, comentarios de lectura,...?					
12	¿Realizas actividades de lectura en voz alta?					
13	¿Les con regularidade libros de ficción?					
14	¿Les con regularidade prensa de información xeral?					
15	¿Les con regularidade revistas relacionadas coa túa área ou traballo?					
16	¿Les con regularidade libros relacionados coa túa área ou traballo?					
17	¿Consultas regularmente internet para documentarte e preparar o teu traballo docente?					
18	¿Realizaches actividades de formación relacionadas coa utilización didáctica da biblioteca?					
19	¿Realizaches actividades de formación relacionadas con estratexias de comprensión lectora?					
20	¿Consultas os fondos da biblioteca escolar para preparar o teu traballo docente?					

CURSO:	ANO ACADÉMICO:
<p>Análise da situación (prácticas lectoras do grupo, ambiente sociocultural, competencia en comunicación lingüística, experiencias literarias,...)</p> <p>Características do grupo</p>	

ANEXO II

LECTURAS CON QUE "ARRANCARON" OS CLUBS DE LECTURA

- Un hámster desaparecido. James Preller. Edelvives.
- Manual para unha pequena meiga. Gloria Sánchez. Rodeira
- La puerta del tiempo. Pierdomenico. Baccalario. Montena.
- El bromista invisible. James Preller. Edelvives.
- Cartas de invierno. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- Cando petan na porta pola noite. Xavier P. Docampo. Xerais.
- Manolito ten un problema: Elvira lindo. Obradoiro.
- O misterio das badaladas. Xabier P. Docampo. Vía Láctea.
- Pequena mitoloxía de Galicia. Xerais.
- El galeón de los gatos piratas. Gerónimo Stilton. Destino juvenil.
- La momia misteriosa. James Preller. Edelvives
- Prisioneros en el pulpo negro. Alain Surget. Edelvives.
- En el templo de los truenos. Thomas Brezina. Edit. SM
- Dez contos de Andersen. Arbore Galaxia.
- Un tren cargado de misterios. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- Club de poesía: Nenos. Antonio García Tejeiro. Galaxia
Mentiras. Palmira Bullosa. Galaxia.
Dominicus o Dragón. Antón Cortizas. Ala Delta.
Coplas. Antonio García Tejeiro. Galaxia.
Aloumiños. Antonio García Tejeiro. Galaxia.
Cantando cos nenos. Rosalía de Castro. Castro.
Adiós ríos, adiós fontes.

ANEXO III CADRO HORARIO DOS CLUBS DE LECTURA

CLUBS DE LECTURA						
DATA	LUGAR	HORA		CLUB	MONITOR/A	
		12,00 a 12,30	15,00 a 15,30			
LUNS	A. Música	✓		C1:Misterio terror	e M ^o José	1 ^o A: Iria L. Tamara Ana F Paula Clara B Celia Hugo Esther Santi Iria Alba Katia Inés.
	A. Multicult.	✓		C3:Misterio terror	e Chelo G	2 ^o A: Uxia Marina Nerea S. Alex D. 2 ^o B: Pablo N Lorena David P. Aida Diogo Martín Marcos David R. Jorge
MARTES	A. Multicult.	✓		C2:Misterio terror	e Ángeles	1 ^o B: Antia Juan Alba Iago Julio Gerardo 2 ^o A: Carina Daiana 2 ^o B: Manuel Alex Samuel Ania Angel
	Casiña	✓		C9:Misterio terror	e Natacha	5 ^o A: Eva B Isabel Diana C. Blanca 6 ^o A: Lucía Raquel Alejandro Agustín Alba Amanda Yolanda Leticia Cristina Marta Antia
	A. Música	✓		C13:Aventura Humor	e Chelo A	1 ^o B: Ezequiel 2 ^o A: Aarón Rudi Rubén Andrés Juan Alex G Breno Sara Leo 2 ^o B: Pablo R Iria
MÉRCORES	S. de Actos	✓		C7:Misterio terror	e Elisa	5 ^o B: Adalberto Christian Roberto Tamara Gregorio Arón Diego Brais Sara Regina 5 ^o C: Olaia Paula Lucía Hugo
	A. Psicomot.	✓		C10:Misterio terror	e Marién	6 ^o B: Cristina Estefanía Alba Vero Alicia Olalla Carlos Magali Marta Samuel Tatiana Iván 5 ^o C: Alberto Andrea Marta
	A. Música		✓	C16:Aventura Humor	e Xoaquín	5 ^o A: Levi Kevin Diego G Adrián 6 ^o B: Marta R David Luis C: Jorge Kevin Alex Pablo
	A. Música	✓		C6: Misterio Terror	e Cruz	4 ^o A: Andrea F Laura A Sara Cris Andrea B Antonio Raquel 4 ^o B: Adrián G Igor Beatriz Christian Pablo Cristina M Cristina V Alicia
XOVES	S. de Actos	✓		C11: Mitoloxía	David	2 ^o B: Tamara T Nerea Mireya María 3 ^o B: Miguel 4 ^o A: Ynaia Sabela Laura I Vanessa Rodrigo 5 ^o B: Alvaro Eva D. Gema Lara Rebeca Laura Eva. Aleixandre
	A. Música	✓		C14:Aventura Humor	e Laura	2 ^o A: Boni Pablo Miguel Nerea P Lidia Andrea Nerea B Laura A 3 ^o A: Candela Laura G Tatiana María De S. Alex.
	A. Multicult.			C4:Misterio terror	e Luis	3 ^o A: Bruno Hugo Victor Sergio M ^o Paz Kevin 3 ^o B: David Garaci Damian Sergio María Nicolí
	Casiña			C5:Misterio terror	e Irene	3 ^o B: Gara Mario Eva Pablo Cecilia Anxo Adrián Yoel Laura N Sindo Marta Juan Luis Andrea V.
	A. Psicomot.			C15:Aventura Humor	e Javier	4 ^o A: Xoan Roberto Diego B Juan 4 ^o B: Dylan Diego Alba Alberto Yasmina Adrián P. Manuel Lucía Inoy 5 ^o C: Vanesa Carlos Alex Guille.
VENRES	A. Música	✓		C8: Con. tradicionais	Carmela	1 ^o A: Dani Estefanía Alvaro Clara M 1 ^o B: Uxia Aroa Marta Sergio Yaiza Iria 3 ^o A: Ilobana María C. Marta 4 ^o B: Adrián R.N. Mayra Claudia Sheila Borja Antia
	A. Multicult.	✓		C12: Poesía	Auri	1 ^o A: Alex 1 ^o B: Iván Nadia Clara Michelle 2 ^o B: Tatiana Tamara R 3 ^o A: Pamela 3 ^o B: Carla 4 ^o A: Zaira Marta 5 ^o A: Mario 5 ^o B: Andrea

ANEXO IV

TEXTOS FIXADOS PARA OS DISTINTOS CICLOS. ITINERARIOS LECTORES

1º Ciclo

- !Qué más quisiera!
- Manual para una pequeña meiga
- O grilo Gastón
- A bruxa do dente.

2º CICLO


- Pepo y el delfín rosa.
- Un mago de cuidado.

3º CICLO


- El hombre invisible . Ed. Anaya
- Las batallas de los monstruos y las hadas. Ed. Alfaguara.
- La abuela. Ed. Alfaguara.
- Los problemas del pequeño Nicolás. Ed. Alfaguara.
- Amancio Amigo e o meigo de Salamanca. Ed. Alfaguara.

ANEXO V

CARNÉ DE AXUDANTE DE BIBLIOTECA



ANEXO VI
ADHESIVO DO DÍA DAS BIBLIOTECAS



ANEXO VII
CHAPAS PARA OS CLUBS DE LECTURA.

club de lectura
que risa
María Luísa

club de lectura
que risa
María Luísa

Bibliografía básica que podemos atopar na nosa biblioteca:

Decreto 130/2007 , do 28 de xuño: establece o currículo da educación primaria en Galicia.

Anexo IV: Proxecto lector de centro

Decreto de Primaria:

Artigo 6º.

Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como Anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

Artigos 19.2/24.7/25.5 (Primaria):

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

Educación Primaria:

Artigo 19.3. A fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma.

- GRAMÁTICA DA FANTASÍA. Gianni Rodari.
- DISFRUTAR ESCRIBIENDO. Antonio García Teijeiro:
- LITERATURA INFANTIL CLAVES PARA LA COMPETENCIA LECTORA. José Manuel del Amo.